



No DOG de hoxe, 28 de abril de 2004, publícase o *protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecementos ao labor docente e ao labor investigador.*

Compre lembrar que, como xa informamos no T.E. no que dabamos conta da publicación do Decreto 55/2004 de 4 de marzo (DOG do 22 de marzo de 2004), estes complementos terán carácter retroactivo dende xullo de 2003.

### **Complemento de recoñecemento ao labor docente.**

Reunindo os requisitos sinalados no artigo 6, parágrafo 1º, do Decreto 55/2004, valorarase:

- Formación académica e complementaria. A que proporciona a titulación ou titulacións universitarias do profesor ou profesora.
- Experiencia docente, entendida como o conxunto de actividades docentes desenvolvidas na carreira profesional de quen solicite.
- Mobilidade, no caso de ter desenvolvidas actividades de ámbito universitario fóra do centro de traballo no campo da docencia.

### **Complemento de recoñecemento ao labor investigador.**

Reunindo os requisitos sinalados no artigo 6, parágrafo 2º do Decreto 55/2004, valorarase:

- Experiencia investigadora, entendida como o conxunto de actividades desenvolvidas na carreira docente no campo da investigación.
- Mobilidade, no caso de ter desenvolvidas ou participado en investigacións realizadas fóra do centro de traballo.

### **Procedemento de solicitude.**

Solicitar mediante modelo normalizado, anexo I ou II da Orde, acompañado da documentación xustificativa dos méritos alegados.

### **Período de solicitude.**

Faranse dúas convocatorias anuais ordinarias para a presentación das solicitudes, sen prexuízo de que poidan facerse convocatorias extraordinarias por causas excepcionais e debidamente motivadas.